

## **24. LIGA 1ª DIVISIÓN PREINFANTIL MASCULINA E FEMININA**

### **24.1. EQUIPOS PARTICIPANTES**

Participarán nesta liga os 16 equipos como máximo e 12 como mínimo. No caso de houbera menos de 16 equipos o Comité de Actividades definirá o formato de xogo.

### **24.2. COMPETICIÓN PREINFANTIL**

A competición dividirase en : Primeira fase, Segunda fase.

### **24.3. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS**

28 de xullo ás 13.00 h.

Todos os equipos que se inscriban nesta categoría, deberán ter inscrito ou vinculado un equipo Minibasket Masculino ou Mixto (só poderán xogar na 1ª División Preinfantil Masculina-Feminina os xogadores masculinos ou femininos, respectivamente, dos equipos mixto e as ).

No caso de que teñamos máis de 16 equipos inscritos, seguirase o seguinte orde preferente para a aceptación da súa inscrición:

- 1º) Os clubs que disputaron a Liga FGB Minibasket na temporada 2015-16.
- 2º) As delegacións dos clubs que máis equipos inscribiron na temporada 2015-16
- 3º) A Criterio do Comité de Actividades.

### **24.4. XOGADORES**

Todos os xogadores deberán ter nacido no ano 2004 ou posteriores.

A data límite para dar de alta xogadores nesta categoría será a do 28 de febreiro do 2017.

Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadoras pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñados tanto na liga como na copa.

Nesta categoría permitirase un máximo de 12 xogadores e un mínimo de 8.

### **24.5. ARBITRAXES**

As arbitrxes serán autonómicas.

## **24.6 LIGA 1ª DIVISION PREINFANTIL**

### **Primeira Fase:**

Os 16 equipos se dividirán en dous grupos de oito equipos cada un (Norte e Sur) distribuídos por proximidade xeográfica (14 xornadas).

### **Segunda Fase:**

Os equipos clasificados do 1º ó 4º de cada un dos grupos formarán o grupo A-1 (e xogarán polo título) e os clasificados do 5º ó 8º conformarán o A-2 que xogarán pola Copa Federación.

Os tres primeiros equipos clasificados do grupo A-1 obterán praza na 1ª División Infantil da temporada 2017-18, no caso de xa teñan equipo na 1ª División Infantil estas prazas revertirán na Fase Clasificatoria.

## **DATAS DE SORTEO E XOGO**

### **Datas de Sorteio:**

Sorteo: 12 setembro ás 19:15 horas na sede central da FGB.

Segunda Fase: 30 xaneiro 19.15 hrs na sede central da FGB

### **Datas de xogo:**

Primeira Fase

Setembro: 18, 25

Outubro: 9, 16, 23.

Novembro: 6, 13, 20, 27

Decembro: 4, 18

Xaneiro: 15, 22, 29

Segunda Fase

Febreiro: 5, 12, 19, 26

Marzo: 5, 12, 19, 26

Abril: 2, 9, 23, 30

Maio 7, 14

## **24.9 HORARIO DE XOGO**

Os encontros terán que disputarse nas seguintes bandas horarias:

Sábado: 10.00 h. 12.00 h. 16.00 h. 18.00 h. e 20.00 horas. E o domingo: 10.00 h. 12.00 h e 17.00 h. e 19.00 h.

## 24.9 HORARIO DE XOGO

Os encontros terán que disputarse nas seguintes bandas horarias:

Sábado: 10.00 h. 12.00 h. 16.00 h. 18.00 h. e 20.00 horas. E o domingo: 10.00 h. 12.00 h e 17.00 h. e 19.00 h.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00 h, ou o domingo ás 19.00 hrs., e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo ás 12.00 h ou as 16.00 h 18.00 h ou 20.00 hrs. se é sábado e as 12.00 h ou as 17.00 hrs se o encontro se disputa en domingo, sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto.

### **Recomendacións:**

Recoméndase aos clubs participantes que, no posible, designen como horario de xogo os sábados pola mañá, o que evitaría problemas arbitraris e moitas coincidencias cos equipos sénior e cadetes.

### **Modificacións de data, campo e horario:**

<b><u>Obxecto Modificación</u></b>	<b><u>Prazo Recepción</u></b>	<b><u>Conformidade</u></b>	<b><u>Cota</u></b>
Data	Antes 1 mes	Si	00,00
Campo	Antes 1 mes	No	00,00
Hora	Antes 1 mes	Non	00,00
Data	Antes 15 días	Si	00,00
Campo	Antes 15 días	Non	00,00
Hora	Antes 15 días	Si	00,00
Data	Antes 9 días	Si	45,00
Campo	Antes 9 días	Si	45,00
Hora	Antes 9 días	Si	45,00

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB o día da petición, a cota de 75,00 euros e a conformidade do equipo contrario.

## 24.10. TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a temporada. Neste terreo de xogo disputaranse os seus encontros e deberá estar catalogado como NIVEL 1 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se

admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá realizarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, deberá celebrarse o encontro dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Si finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen descontarlle puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, empreguen nestes canastras de pé, así como que teñan reposto de tableiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

#### **24.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO**

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN tamaño 7 masculino; tamaño 6 para feminino. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

#### **24.12. OBRIGAS ESPECÍFICAS: COMUNICACIÓN DE RESULTADOS**

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>